

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa integral para a mellora na detección e intervención en risco de suicidio nas comarcas rurais de Ordes e Ulla-Sar.

Entidade executante

Asociación Andaina pro saúde mental

Ámbito territorial

O programa levase a cabo nos concellos de Ordes, Tordoia, Trazo, Oroso, Mesía, Frades e Cerceda da provincia da Coruña e nos concellos de Pontecesures e Valga da provincia de Pontevedra.

Persoas destinatarias

Este programa está dirixido prioritariamente a profesionais do ámbito sociosanitario e estudantes universitarios de profesións sociosanitarias, dado que son considerados profesionais de primeira liña na detección e intervención con persoas e grupos con risco de suicidio.

Secundariamente, o programa tamén inclúe como beneficiarios a grupos vulnerables ante o risco de suicidio como poden ser: persoas con trastorno mental, mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas en situación ou en risco de exclusión social.

O número de persoas beneficiarias previstas para o programa é de 150 persoas, das cales se estima un 75% de mulleres e un 25% homes, aproximadamente dada a elevada feminización das profesións as que vai dirixido o programa.

No ano 2020 atendéronse 43 homes e 128 mulleres

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Obxectivos

Xeral:

Mellorar a detección e intervención en risco de suicidio nas comarcas rurais de Ordes e Ulla-Sar.

Específicos:

Capacitar a profesionais do ámbito sociosanitario na detección e identificación do risco de suicidio

Complementar a intervención en grupos vulnerables ante o risco de suicidio

Informar e sensibilizar a nivel social sobre a conduta suicida e a súa prevención

Metodoloxía

1. Capacitación a profesionais sociosanitarios

Formación básica en prevención da conduta suicida (2h de duración)

Formación especializada en prevención da conduta suicida adaptada á capacitación sobre o(s) grupo(s) de risco co(s) que traballa preferentemente a entidade, servizo ou recurso (4h de duración)

2. Intervención con persoas e grupos vulnerables

Servizo de Información, Asesoramento e Orientación.

Servizo específico de atención telemática e presencial nas sedes da entidade a persoas, familiares, achegadas e profesionais.

3. Información e sensibilización social sobre a prevención da conduta suicida

Reunións informativas de presentación do programa con servizos, recursos e entidades que desenvolven o seu labor no ámbito territorial do programa.

Accións comunitarias en centros e espazos públicos (bibliotecas, centros sociais, etc.)

Publicacións periódicas nas redes sociais da asociación con contidos seleccionados que abordan a prevención do suicidio.

Presenza en medios de comunicación a nivel local e autonómico tanto de prensa escrita como radio, con envíos de novas e realización de entrevistas.